



Nº Expediente: 2016/C003/000002

Asunto: Contratación de INSTALACIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS

**MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES A “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B “REFERENCIAS TÉCNICAS” PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra:** INSTALACIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS

**Importe de licitación:** 122.487,12 € e 25.722,30 € de IVE (total IVE incluido: 148.209,42 €)

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste D. José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do venres 6 de maio de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da “INSTALACIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS”, as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
ESTRUCTURAS AS FRAGAS, S.L.	22/04/2016	2784	Sobres A, B e C
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	25/04/2016	2816	Sobres A, B e C
ELENCOGA, S.L.	25/04/2016	2817	Sobres A, B e C
CONSTRUCCIONES Y TTES. J. SEIJO S.L.U.	25/04/2016	2818	Sobres A, B e C
APIMET, CONSTR. AUTOPORTANTES, S.L.	25/04/2016	2819	Sobres A, B e C
CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.	25/04/2016	2820	Sobres A, B e C



CONSTR. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	25/04/2016	2821	Sobres A, B e C
PRIETO MOURIZ, S.L.	25/04/2016	2823	Sobres A, B e C
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	25/04/2016	2824	Fax anunciando o envío docs.
	26/04/2016	2867	Sobres A, B e C
ARECO, S.L.	25/04/2016	2825	Fax anunciando o envío docs.
	26/04/2016	2866	Sobres A, B e C
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	25/04/2016	2826	Fax anunciando o envío docs.
	26/04/2016	2868	Sobres A, B e C
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	25/04/2016	2827	Sobres A, B e C

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

1º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "**B**".

2º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "**C**", na data que se publicará debidamente na web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:00 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.